



UNIDADE 1

E foi así como cho conto...

**Nesta unidade imos escribir a crónica dun acontecemento.
Para iso, imos aprender:**

- ◆ *marcadores e construcións temporais: **xusto nese momento/estar a punto de/entón***
- ◆ *o copretérito xornalístico*
- ◆ *usos do imperfecto de subxuntivo*
- ◆ *a combinar tempos do pasado*
- ◆ *a comprender e referir eventos pasados*
- ◆ *a transmitir peticións e advertencias*
- ◆ *a colocación do adxectivo*
- ◆ *vocabulario do ámbito das crónicas (musicais, deportivas, xornalísticas, de sociedade...) nos medios de comunicación*

1. CRÓNICAS

A. Mira as fotografías que acompañan os seguintes textos aparecidos hai uns anos en diferentes tipos de prensa. Coñeces as persoas que aparecen? En grupos de tres, poñede en común a información que tendes.

- O xogador do Depor é Makaay. Aínda me lembro de ver ese partido pola televisión...

O gaiteiro Xosé Manuel Budiño abarrotou onte pola noite o teatro Bambalinas de Bos Aires e deleitou, cos seus éxitos máis coñecidos e coas composicións do seu último disco, *Zume de terra*, a colectividade galega de Arxentina que se congregou no teatro porteño. Máis de 600 persoas conmemoraron o Día das Letras Galegas e para Budiño, segundo declarou, foi unha noite especial por poder tocar diante da súa familia emigrada.

O músico do Morrazo deleitou coa fusión de sons e coa súa innovadora proposta musical: a gaita, a pandeireta, o ordenador, o baixo e a percusión electrónica uníronse para ofrecer a súa atractiva proposta da música tradicional, mesturada con achegas de sons de todo o mundo, como Cabo Verde, Brasil ou Escocia.

Pero a noite deparou tamén grandes emocións, xa que entre os asistentes estaba o octoxenario gaiteiro Cesáreo Rodríguez Varela, un padronés que foi profesor da meirande parte dos músicos galegos de Bos Aires. Un emocionado Rodríguez Varela recibiu o merecido recoñecemento e, malia as bágoas, non deixou de tocar a dúo co moañés a "Muiñeira de Chantada". O auditorio, para entón, xa estaba entregado e rematou bailando o certame a son de muiñeira.



B. Lede as crónicas e, en parellas, inventade un posible titular para cada unha.

C. Decide cal das seguintes frases podería cerrar cada un dos textos anteriores.

- ☐ 1. Noite festiva, noite reivindicativa.
- ☐ 2. Un auténtico colofón de ouro, un regalo impagable.
- ☐ 3. Emoción e espectáculo ata o final.



A Coruña foi testemuña da XII edición dos premios de teatro galego María Casares do 2008, nunha cerimonia moi especial, xa que, ademais, se conmemorou o 30.º aniversario do teatro profesional galego. O espectáculo comezou ás portas do Teatro Rosalía de Castro: cunha escenografía hollywoodiense, por unha alfombra vermella pasaban os candidatos aos premios, que foron chegando en pequenos grupos e a bordo dunha quilométrica limusina branca, mentres unha charanga amenizaba o percorrido.

Dentro da maxia teatral da noite, a obra *Noite de Reis. Ou o que queirades*, representada polo Centro Dramático Galego (CDG), acapara gran parte da atención, xa que conseguiu catro premios: mellor escenografía, mellor espectáculo, mellor director e mellor actor secundario. O seu director, Quico Cadaval, días antes da cerimonia xa adiantara, ante a posibilidade de seren

premiados, a ilusión por ser este un recoñecemento que proviña dos propios profesionais do teatro.

Foron precisamente os profesionais do teatro os grandes protagonistas da noite. "O teatro galego está maduro, está vivo", proclamou a actriz Mabel Rivera durante a gala, con continuas homenaxes a todos os oficios das artes escénicas, con pequenas representacións de danza, canto e música en directo, entre as que houbo amais oco para mensaxes reivindicativas como a morte do teatro en Palestina, unha das máis aplaudidas de toda a noite.

O escritor Suso de Toro, autor do manifesto co gallo do 30.º aniversario do teatro galego profesional, puxo un colofón de ouro, reivindicando a dignidade da profesión: "Non deixedes nunca de brincar como rapaces, de anoxar os malvados e de usar as máscaras para desenmascarar os impostores".

Deportivo 4 PSG 3

As noites máxicas e heroicas volveron a Riazor e o Deportivo engrandeceu de novo a lenda deste estadio. O Depor remontou onte un 0-3 que o deixaba fóra da Liga de Campións, tirando de orgullo e liderado por un maxistral Pandiani.

Comezou o partido segundo o guiño previsto e, así, o PSG fixo o xogo que máis lle convida: con tres contragolpes conseguiu outros tres tantos na portaría coruñesa. O Depor non daba crédito e tampouco merecía este castigo, xa que desde o primeiro minuto impuxera o seu dominio. Pero nin o xogo de bandas nin as ocasións de Víctor, Makaay e Fran obtiveron os froitos esperados. O PSG defendía con todo e saía rapidamente á contra. Así chegou o primeiro gol, nun disparo do nixeriano Okocha dende lonxe. E logo Leroy aínda perforaría dúas veces máis a meta de Molina. Pero desde o banco local chegou a revolución e a solución do Depor, cando máis baixos estaban os ánimos. Entrou Pandiani e púxolle fin ao dominio estéril do equipo local. Por fin o balón quixo entrar cando o uruguaio cabeceou maxistralmente un centro de Manuel Pablo, que fixo que as bancadas comezasen a soñar. Deseguido, case sen dar tempo a sacar de centro, Tristán facía o propio e enviaba o balón á rede, tamén cun remate coa testa. O Depor finalmente comezou a crer no milagre e o PSG a asustarse, temendo o que podía pasar. De xeito que o bombardeo seguiu polas bandas e o Rifle Pandiani, facendo honra ao seu alcume, conseguiu dous tantos máis, o último case co partido a piques de finalizar. O charrúa logrou a fazaña de inverter o resultado, Riazor toleou e o Depor lograba unha remontada decisiva e inesquecible.




2. UNHA MAREA NEGRA

A. Lembras algún desastre ecolóxico? Que pasou? Cando ocorreu? Entre varios compañeiros, comentade os feitos.

- *Eu lembro o afundimento do Casón nas costas de Fisterra...*

B. A que asocias o termo “marea negra”? Le estas dúas crónicas relacionadas co naufraxio do petroleiro *Prestige* en 2002 e subliña as informacións clave.



DESASTRE ECOLÓXICO EN GALICIA

O litoral galego contaminado por máis de 70 000 toneladas de chapapote tras o naufraxio do Prestige

Os galegos lembran cada 19 de novembro con enorme tristeza, pois aquel día afundiuse un petroleiro, o *Prestige*, nas difíciles augas da Costa da Morte. Naquela xornada, despois de sete días de navegación errática, o buque desapareceu baixo as augas e nese punto comezou un drama ecolóxico considerado como a maior catástrofe sucedida en Galicia.

O petroleiro, máis longo que dous campos de fútbol, transportaba 77 000 toneladas de chapapote pesado desde San Petersburgo ata un destino sen determinar, porque a carga fora vendida. Era un buque vello, de dubidosa reputación, con propietarios pouco claros. O *Prestige* era, polo tanto, unha curiosa mestura das moitas deficiencias que se dan no transporte marítimo.

O barco atopouse cunha tormenta cerca das costas de Fisterra e ás 15:15 do mércores 13 de novembro saltaron as alarmas: o capitán lanzou un SOS cando, tras escoitar un golpe, o barco comezou a inclinárase rapidamente. A partir dese momento puxéronse en marcha todos os mecanismos para a acción de salvamento. Non obstante, o accidente converteuse nun desastre.

A decisión das autoridades foi inmediata e non admitiu réplica: o buque debía ser afastado cara a dentro do mar para evitar a ameaza da marea negra. Non se tomou en conta outra posible decisión. Nun principio, o capitán resistiuse a que o buque fose remolcado, pero finalmente conseguiron arrancar de novo as máquinas e entre varios remolcadores e un helicóptero levárono cara a dentro do mar. Mentres se afastaba, deixaba tras si unha enorme estela de fuel. Afastado e, posteriormente, afundido, o Goberno creu despexado todo o perigo de contaminación. Pero non foi así. As costas galegas apareceron manchadas de chapapote e xurdiu a ira popular. Circularon por todo o mundo as escenas dos pescadores que loitaban contra a marea negra coas súas propias mans, unha imaxe impropia dun país industrializado. A costa ficou tinxida de negro.



C. Escoita as testemuñas de dúas persoas que viviron de cerca a catástrofe: un xornalista e unha voluntaria. Que nova información engaden que che pareza relevante?

A MAREA BRANCA

Limpeza. A “onda branca” estendeuse por todo o litoral galego

De súpeto, as praias e as rochas escurecéronse pola substancia escura vertida polo petroleiro. E con ela a conciencia internacional, pola ampla dimensión mediática que o desastre estaba a ter e, por suposto, o ánimo dos galegos que vían como o fuel óleo, coñecido popularmente como “chapapote”, pasaba a ser un macabro compañeiro de viaxe da flora e fauna galegas. Pero fronte ao desánimo e á marea negra xurdiu a “marea branca”, que é como se denominou a onda de solidariedade de todos os voluntarios que acudiron a limpar as costas galegas. Así chamada pola cor do uniforme branco que lles proporcionaron aos centos e centos de voluntarios, a marea branca foi o principal dique contra a contaminación. Os voluntarios foron chegando dende os lugares máis diversos: dende os concellos limítrofes ata os puntos xeográficos máis insospeitados, e contribuíron nos labores de limpeza man a man cos mariñeiros galegos. A campaña foi un éxito, tanto que se recuperaron as zonas afectadas, incluso de mareas anteriores, e un ano máis tarde Galicia contaba xa con máis bandeiras azuis nas súas praias que antes.

Nun principio o goberno calculou que só se verteran 17.000 toneladas de fuel óleo e que o resto se conxelaría no fondo do mar. Pero as previsións fallaron e a perda de combustible foi constante, calcúlase que o 80% das 77.000 toneladas que tiña o buque chegaron á costa galega. A tardanza das autoridades en adoptar decisións e o erro nas previsións motivaron as protestas cidadás e a aparición da plataforma Nunca Máis, creada para pedir responsabilidades políticas.

Pero, pouco a pouco, Galicia foi saíndo do pesadelo grazas á marea branca, que neutralizou a negra e quedou inmortalizada na memoria colectiva como un exemplo de solidariedade e de conciencia ecolóxica.



D. Con todos os datos que tes, que opinas ti da catástrofe? E da reacción dos voluntarios? Participaches nas tarefas de limpeza das costas galegas ou nalguna outra acción de recuperación dunha zona devastada?

- *Eu teño colaborado a miúdo en apagar os lumes preto da casa onde vivo...*



3. FESTA MARÍTIMA

A. A partir do seguinte texto sobre a Festa Marítima de Brest vas coñecer algunhas das semellanzas entre Galicia e a Bretaña francesa. Antes de lelo, en que cres que consisten? Coñeces algunha información sobre a cidade de Brest?

B. A crónica sobre a Festa Marítima Internacional de Brest foi redactada por un xornalista novo sen experiencia. O redactor xefe subliñoulle algúns aspectos que necesitaban ser modificados. En grupos, discutide os criterios que levaron o redactor xefe a subliñar as palabras.

Festa marítima do noroeste europeo



Barcos croatas, irlandeses, bretóns e, como non, galegos déronse cita na Festa Marítima Internacional de Brest. Na Festa Marítima Internacional de Brest citáronse máis de 2.000 barcos de 30 países e 15.000 mariñeiros, alí houbo tamén 25 barcos galegos. O día da tripulación galega foi o 16 de xullo, día do Carme, patroa do mar. Este festival amosa a conexión entre as terras bretoas e galegas polos lazos mariñeiros e históricos que unen a Galicia e Bretaña: unha lingua propia, a actividade mariñeira e as dúas fisterras que integran Galicia e Bretaña son algúns dos elementos que comparten.

En definitiva, Brest foi centro de confluencia da cultura marítima galega, dos mariñeiros máis novos cos máis veteranos, os cales ergueron unha dorna que un carpinteiro de ribeira construíu no "Village Galicia": un espazo de 1.500 metros cadrados, cin-

co carpas e dúas oficinas que o festival reservou para a delegación galega. **Nin que dicir ten** que a presentación da dorna foi un dos feitos máis aplaudidos en terras bretoas.

Pero o acontecido neste festival non pretendía ser un acontecemento illado, **senón que** a Consellería de Cultura e a Federación Galega pola Cultura Marítima puxeron en marcha un programa de colaboración **para** promover o noso patrimonio marítimo mediante a presenza de Galicia **no festival**.

Pero as persoas que non se desprazaron ata Brest tamén puideron ver as actividades que se desenvolveron alí, xa que o Museo do Mar de Galicia en Vigo acolleu en días previos ao Festival de Brest un adianto **das actividades** que ían representar a Galicia, ademais dunha presentación das tripulacións propias do noso país. **O Museo do Mar de Galicia** ofreceu, **por tanto**, un repaso pola historia marítima de Galicia dende o século XVI ata os nosos días: as artes de pesca, os sistemas de extracción, as embarcacións e as técnicas de conservación e comercialización. **Pero** o museo pretende presentar o mar como unha fonte de vida e de riqueza, **xa que** o que se **pretende** en Brest non é **presentar** un patrimonio morto, senón dinámico e vivo, **de maneira que** a pesca tradicional en Galicia se perciba como un elemento vivo da nosa cultura, **xa que** nunca chegou a desaparecer.

C. Tenta agora refacelo substituíndo os elementos subliñados polas expresións do seguinte cadro.

a cidade bretoa	no certame
mostrar	aclamados
a exposición	navíos
encontro	das mostras
tenta	entre os cales
embarcacións do noso país	da nosa terra
a organización	ambos os territorios
reuníronse	evento

D. Fíxate tamén nas palabras que están en gorda e que serven para enlazar as ideas do texto. Tenta de novo substituílas polas seguintes.

por suposto	pois
co fin de	de xeito que
así e todo	dado que
porén	por conseguinte
posto que	non obstante
en suma	

4. MENSAXES NUNHA BOTELLA

A. Hai dúas semanas, os concursantes do programa *A illa* enviaron unha serie de mensaxes nas que pedían algunhas cousas para afrontar os tres meses que van pasar nunha illa deserta. Onte chegou todo o que pediran. En parellas, mirade a ilustración e escribide nun papel tres das peticións razoadas. Empregade verbos como **mandar**, **traer**, **enviar**...

Por favor, traédenos unha placa solar, que así poderemos utilizar algún aparello eléctrico...



B. Agora, pasádelles o papel a outra parella, que lle contará ao resto da clase as peticións e as razóns que argumentastes. Todos pensastes as mesmas?

• *Pediron que lles levasen unha placa solar para poder utilizar aparellos eléctricos.*

C. E ti? Que pedirías nesa situación? Envíalle tres mensaxes a un compañeiro, que lles referirá ao resto da clase.

5. A ESAS ALTURAS

Nos textos que narran acontecementos, xeralmente empréganse expresións para referirse á data ou ao momento no que sucederon. Nos seguintes textos, subliña os elementos que fan referencia a momentos xa mencionados.



O 30 de xullo, sobre as 18 h, o corpo de bombeiros de Santiago recibiu unha chamada de alarma: minutos antes detectárase un incendio nunha localidade veciña. Os bombeiros forestais chegaron ao lugar en menos dunha hora, pero, a esas alturas, o lume xa alcanzara a zona de eucaliptos da ladeira sur. A partir dese momento, todas as tentativas de veciños e brigadas antiincendios por controlar o lume foron inútiles e as chamas continuaron estendéndose imparables pola rexión durante todo o día.



O 15 novembro converteuse nun día inesquecible para a xente daquela vila. Aquel día produciuse un dos maiores espectáculos pirotécnicos xamais vistos e todos estaban contentos e orgullosos da comisión de festas. Daquela, aínda vivía alí don Sebastián

Varela, que subiu ao escenario para congratular os organizadores. O vento e a chuva, característicos dese período, non foron suficientes para impedir que os moradores de Paradela deixasen a súa casa e gozasen daquela xornada de festa.



O imperfecto de subxuntivo

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	andase	bebese	vivise
(ti)	andases	bebeses	vivises
(el/ela/vostede)	andase	bebese	vivise
(nós)	andásemos	bebésemos	vivíssemos
(vós)	andásedes	bebésedes	vivísedes
(eles/elas/vostedes)	andasen	bebesen	vivisen

Alguns verbos irregulares:

ESTAR	DICIR	FACER	IR/SER	PÓR/POÑER
estivese	dixese	fixese	fose	puxese
estiveses	dixeses	fixeses	foses	puxeses
estivese	dixese	fixese	fose	puxese
estivéssemos	dixéssemos	fixéssemos	fósemos	puxéssemos
estivésedes	dixésedes	fixésedes	fósedes	puxésedes
estivesen	dixesen	fixesen	fosen	puxesen

Discurso referido

Nas narracións de sucesos, con frecuencia incluimos frases que dixeron as persoas relacionadas cos feitos.

- *Perdéronse pola montaña, pero, por sorte, conseguiron chamar polo móbil e pediron que os fosen rescatar.*

Nos relatos de feitos pasados, as peticións, instrucións, invitacións etc. adoitan referirse en imperfecto de subxuntivo.

- *Atención: desaloxen o edificio inmediatamente.*
→ *A xefa da brigada de bombeiros **ordenou que se desaloxase** o edificio.*
- *Queremos que se respecten os horarios pactados.*
→ *Os traballadores **reclamaron que se respectasen** os horarios pactados.*

Tamén utilizamos o imperfecto de subxuntivo no estilo indirecto para referir accións pasadas que no seu momento estaban nun plano futuro.

- *Protestarei ata que se **resolva** esta situación.*
- *Ameazou que protestaría ata que se **resolvese** a situación.*

❗ As desinencias do imperfecto do subxuntivo son **-ase**, **-ese** e **-ise**, para as conjugacións **-ar**, **-er** e **-ir**, respectivamente. As formas terminadas en **-ara**, **-era** e **-ira** corresponden ás conjugacións do antepretérito de indicativo e tamén se empregan no discurso indirecto, pero non nos contextos mencionados anteriormente para o imperfecto de subxuntivo.

- *Non fun seleccionado para a obra.*
→ *Pedro **dixo que non fora** seleccionado para a obra.*

Cando transmitimos o dito por alguén, non adoitamos repetir exactamente as súas mesmas palabras, senón que comunicamos o esencial da mensaxe.

Enunciado orixinal

- *Cómprasme o xornal?*
- *Podes comprarme o xornal?*
- *Cómprame o xornal, por favor.*
- *Necesito que me compres o xornal.*
- *Importaría che comprarme o xornal?*

Discurso referido

Pedíume **que**
lle **comprase**
o xornal.



Nos máis diversos textos, para introducir as palabras doutras persoas, adóitanse empregar diferentes verbos para evitar a repetición do verbo **dicir**.

expoñer	afirmar	insistir	recoñecer
precisar	declarar	expresar	rexear
manifestar	destacar	negar	asegurar

- *O director da empresa afirmou que **tiveran** uns resultados excelentes.*

Numerosos elementos deben cambiar cando o contexto espazo-temporal é diferente do momento no que se dixo o texto orixinal.

- *Vinde sobre as nove e media.*
○ *Pedíunos que **fósemos** sobre as nove e media.*
- *Traede algo para beber. Eu poño a sobremesa.*
○ *Pedíunos que **levásemos** as bebidas, que **el poñería/puña** a sobremesa.*
- *Gústache vivir aquí?*
○ *Preguntoulle se lle gustaba vivir **alí**.*

O copretérito xornalístico

O copretérito xornalístico consiste nun emprego dese tempo con accións que normalmente se expresarían en pretérito. A intención do xornalista ao empregalo é a de mostrar o feito dende unha perspectiva máis próxima, mostrándolle ao interlocutor o transcurso do feito que describe, como se o puidese ver.

- *No minuto 78 Nelinho **marcaba** o gol que aseguraba a vitoria do seu equipo.*

O mesmo feito podería ser descrito co pretérito, pero así xa non habería a implicación de aproximar o interlocutor ao proceso do feito descrito, senón que sería presentado desde fóra, como algo acabado e completo.

- No minuto 78 Neliño **marcou** o gol que aseguraba a vitoria do seu equipo.

Colocación dos adxectivos

Os adxectivos poden colocarse antes ou despois do substantivo. Cando aparecen despois, teñen unha función especificativa, é dicir, serven para diferenciar un substantivo doutro.

- A condesa levaba unha saia negra.
(= non levaba unha saia vermella nin branca...)

Nun rexistro culto, é frecuente colocar adxectivos cualificativos antes do substantivo.

Un **excelente gol** de Raúl
O **exquisito gusto** da deseñadora venezolana
A súa **impresionante forza** no escenario

Alguns adxectivos non poden colocarse antes dun substantivo.

un dicionario **bilingüe** un **bilingüe**-dicionario
(referímonos a un tipo de dicionario)
a auga **mineral** a **mineral**-auga
(referímonos a un tipo de auga)

Os adxectivos que indican orixe ou procedencia tampouco poden antepoñerse ao substantivo.

un escritor **español** un **español**-escritor
o queixo **manchego** o **manchego**-queixo

Alguns adxectivos teñen significados distintos segundo se coloquen antes ou despois do substantivo.

o **pobre** home (= desgrazado)
o home **pobre** (= sen cartos)
unha **boa** amiga (= moi amiga)
unha amiga **boa** (= boa persoa)

Alguns adxectivos cambian de forma segundo a súa posición respecto ao substantivo:

Antes	Despois
gran*	grande
mal	malo

* Só diante de substantivos en singular que comezan por consoante.



un gran queixo



un queixo grande

Seica e disque

Son elementos moi característicos do discurso oral. Xeralmente empréganse cando o falante enuncia unha información sen responsabilizarse dela, presentándoa como algo referido por outros.

Disque este ano van subir os impostos municipais.
Seica o deixou a muller.

Precisar cando sucede unha acción

Xusto naquel momento/Xusto ese día...

Xusto ofrécelles un sentido de maior precisión a outros indicadores de tempo.

- Deime de conta de que non tiña as chaves.
- Naquel momento deime de conta de que non tiña as chaves.
- **Xusto** naquel momento deime de conta de que non tiña as chaves.

Ás veces, **xusto** engade un matiz de oportunidade (positivo ou negativo).

- O outro día, no traballo, saín un momento e **xusto** cando non estaba veu a inspectora. Que rabia! (= non era un momento oportuno)

Estar a punto de/a piques de + infinitivo

Indican a inmediatez ou a inminencia dunha acción. **A punto de** e **a piques de** teñen o mesmo significado, pero a segunda achega un matiz máis coloquial cá primeira.

- **Estou a punto de acabar** un informe. Agora vou.
- **Estaba a piques de saír** cando chegou Alberto.

Referencias a momentos xa mencionados

- **Aquel día** foi inesquecible.
- Todo o mundo recordará **aquela xornada histórica**.
- **Nesa ocasión**, o vencedor foi o equipo arxentino.
- **Naquel intre/momento**, chegou Xulio e descubriuno todo.
- **A partir daquel instante**, todo cambiou entre nós.
- **Ata ese día**, non souben que a quería tanto.
- **A esas alturas**, xa non había solución para o noso.

Entón

- Estabamos comendo tan tranquilos e, **entón**, entrou Marcos berrando coma un tolo. (Valor temporal)
- Carne e eu traballabamos xuntos e levámonos moi ben. E, **entón**, un día decidín invitala ao cine e comezamos a saír. (Valor temporal e consecutivo)

Ás veces, **entón** só establece unha relación consecutiva e non temporal: engade unha nova información que é consecuencia da anterior.

- Os pais dedican moi pouco tempo aos seus fillos e, **entón**, quéixanse de que están maleducados.



6. QUE EXPERIENCIA!



A. Escoita a conversa na que Natalia conta a súa experiencia na última carreira pedestre na que participou. Cres que vai gardar un bo recordo dela? Anota os feitos principais que refire.



B. Agora, cos datos que tes da actividade A, escribe un texto xornalístico no que se dea conta do acontecido no maratón.

C. Comparade entre os compañeiros os textos que escribistes e comentade co voso profesor as semellanzas e diferenzas que atopades nas vosas producións.

7. EVENTOS

A. Hai algún evento ao que fuches e que recordes por algunha razón? Poderías relatalo como unha crónica? O seguinte cadro pódete axudar.



Un partido

Unha voda

Un concerto

Unha manifestación

Unha festa

...

Cando: data, época do ano...

Onde: detalles do lugar, os asistentes, a roupa...

Que pasou: acontecementos

Declaracións

Valoracións

Conclusión

B. Agora, contallo a un compañeiro, que pode facerche preguntas para que a crónica sexa máis completa.

- Unha vez, cando estaba na praia, vin caer unha avioneta ao mar. Foi horrible porque todo mundo empezou a berrar...
- Pero foi moi cerca da praia?
- Pois si, víase bastante ben e...

8. DECLARACIÓNS

A. Onte viviuse unha xornada caótica neste aeroporto, debido a unha protesta dos controladores aéreos e a un temporal de neve. Mira o debuxo, localiza as seguintes persoas e escribe cada número no seu lugar correspondente.

Pilotos	☐
Auxiliares de voo	☐
Persoal de limpeza	☐
Pasaxeiros	☐
Controladores aéreos	☐

Mozos de pista	☐
Persoal de terra	☐
Camareiros	☐
Xornalistas	☐



B. Estes dous textos falan das declaracións realizadas por algunhas das persoas que aparecen no debuxo. Por quen?

“Os, que quedaron incomunicados dentro do avión, desesperados pola longa espera, esixiron que lles devolvesen o importe do billete.”

“Os insistiron en que esgotaran as reservas de comida para tanta xente e solicitaron que lles levasen máis caixas de alimentos de primeira necesidade.”

C. En parellas, escribide nun papel cinco textos como os anteriores que refiran o que puideron dicir persoas de diferentes colectivos. Non poñades quen o dixo! Despois, pasádelle o papel a outra parella, que intentará adiviñar a quen pertencen as declaracións.

Os declararon que

D. Agora, utilizando os verbos que serven para introducir as palabras doutras persoas, transformade os vossos textos, de maneira que poidades incluílos nunha crónica que empeza do seguinte modo.

Caos no aeroporto
Onte viviuse un día nefasto no aeroporto de...



9. EXCURSIONISTAS PERDIDOS

A. Na sección C, ides escribir unha crónica periodística baseada na información que obteredes nas seccións A e B. Lede o seguinte titular e responde de as preguntas que aparecen debaixo. Comentade as respostas en grupos de tres. Podedes utilizar o dicionario se o precisades.

Tres excursionistas perdidos no Courel

Segundo os rumores, atopáronse unhas estrañas pegadas na neve que poderían ser dalgún animal de grandes dimensións.

- Practicaches montañismo algunha vez?
- Viches/Liches algunha nova sobre algún rescate?
- Que palabras e información relevante cres que pode aparecer nunha crónica deste tipo?

• Como se di cando cae moita neve?
o Iso é unha nevarada, non si?



B. Vas escoitar dúas persoas implicadas no suceso. Toma nota dos datos relevantes que creas necesario incluír na crónica.

Que aconteceu? Por que?	Cando En que circunstancias?
----------------------------	---------------------------------

C. Para finalizar, compara as túas notas coas dos teus compañeiros de grupo. Poñédevos de acordo na información que queredes contar e inventade un final para o suceso. Logo, escribide a crónica como se fose aparecer nun xornal (200 palabras).

Na crónica debes engadir:

- os feitos máis relevantes,
- as circunstancias nas que aconteceron,
- as declaracións dos implicados,
- valoracións,
- unha conclusión.



10. CULTURA CELTA

A. Que saberías dicir acerca da cultura celta? Oíches falar algunha vez do parladoiro da *Cova Céltica*? No seguinte texto encontrarás informacións relativa a este grupo e á historiografía da cultura celta en Galicia.

A COVA CÉLTICA

A *Cova Céltica* foi o termo que denominou o grupo de intelectuais rexionalistas da Coruña, de finais do século XIX, que tiñan un parladoiro na Librería Regional de Eugenio Carré. Entre os asistentes figuraban nomes importantes da cultura galega como Eduardo Pondal, Manuel Lugrís Freire e, sobre todo, Manuel Murguía, o ideólogo do grupo.

O nome da *Cova Céltica* tivo inicialmente unha orixe irónica, xa que con este alcume tentaban ridiculizar as ideas propagadas polo grupo, pero terminou por impoñerse como nome definidor,



A ideoloxía rexionalista do grupo non ficou só reducida ao ámbito dos encontros na Librería Regional, senón que, entre 1895 e 1907, publicaron a *Revista Gallega* –dirixida por Galo Salinas– para que servise de canle de difusión das innovadoras ideas do grupo.

B. No texto menciónanse figuras importantes da intelectualidade galega do século XIX e de comezos do XX. Sabes algo deles? En grupos, podedes buscar información sobre a súa vida e obra e tamén sobre a orixe celta da cultura galega. Despois das vosas investigacións, discutide o que hai de verdade e de mito no celtismo de Galicia.

C. A cultura celta en Galicia foi motivo de vínculo entre galegos, irlandeses, escoceses ou bretóns por compartiren tradicións semellantes ou expresións artísticas comúns. Unha mostra desta conexión celta é o Festival Intercéltico de Moaña. Oíches falar del?

A península do Morrazo convértese durante os meses de xullo e agosto no centro da música celta, pois durante unha semana, no Paseo Marítimo de Moaña, danse cita grupos musicais galegos, irlandeses, escoceses ou bretóns no Festival Intercéltico. Cando se está case a cumprir un cuarto de século desde o inicio do certame, o festival estase a consolidar como

un dos eventos máis importantes de encontro celta.

O 15 de agosto de 1985, pouco sospeitaban os organizadores do I Festival Nocturno Celta do Morrazo que a súa iniciativa sería o alicerce dun certame de maior envergadura e amplitude. Sen dúbida que os motivos iniciais da súa primeira edición foron máis modestos. A Escola de Gaitas Semente Nova de Moa-

FESTIVAL INTERCÉLTICO DE MOAÑA

ña organizou o festival co obxectivo de dar a coñecer a actividade da escola e de financiar unha viaxe a Lorient, na Bretaña francesa, para poder participaren no seu festival. A este primeiro encontro acudiron grupos senlleiros do folk galego, como Muxicas, Lembranzas Galegas ou Milladoiro.

Nos seus inicios a organización do festival corría a cargo da escola e reducíase a unha fin de semana, pero máis tarde

unha vez que abandonou o seu ton sarcástico.

O parladoiro que se reunía no número 30 da rúa Real da cidade herculina asentou as bases teórico-ideolóxicas do galeguismo. Fixaban a orixe da nación galega nos asentamentos celtas e, polo tanto, o elemento celta era o definidor do pobo galego como tal, xa que caracterizaba unha alma colectiva propia. O poeta Eduardo Pondal foi o bardo encargado de incorporar a épica que a empresa esixía, e, por iso, non é de estrañar que o seu poema “Os Pinos” terminase converténdose na letra do himno galego. Nas últimas verbas do poema que constitúen o himno define a Galicia como fogar de Breogán, aludindo ao rei celta ao que miticamente se lle atribúe a fundación do pobo galego.

o Concello de Moaña pasou a ser o responsable de realizalo e ampliouno a dez días, aínda que nos últimos anos se ten reducido a duración do evento.

Con todo, o paso do anos non fixo máis que consolidar a entusiasta iniciativa da escola de gaitas e situar a Moaña como un dos núcleos de referencia de encontro intercéltico, no que tanto teñen que dicir as expresións artísticas e musicais galegas.

D. Coñeces outras iniciativas musicais semellantes? De ser así, compárteas cos teus compañeiros.

11. RIANXO: ENTRE O MAR E A LITERATURA

A. Que sabes da vila de Rianxo? Coméntao cos teus compañeiros.

• *Pois Rianxo é moi coñecido por...*

B. Seguro que comentastes que Rianxo é o berce dalgúns dos escritores máis celebrados das letras galegas. Un deles é Manuel Antonio. Le “SÓS”, extraído do seu libro *De catro a catro*, e tenta comprender cal é o sentimento que predomina ao longo do poema.

C. No poema están subliñadas as palabras que non se encadran na normativa actual do galego. Busca, coa axuda de dicionarios ou do teu profesor, a correspondencia correcta no galego contemporáneo.

D. Os textos relacionados co mar continúan a ser fonte de inspiración da literatura actual. Le a biografía ficticia dun mariñeiro que o escritor Xosé Neira Vilas elaborou para a sección “A lombos do Atlántico”, do xornal electrónico *Vieiros*.

SÓS

Fomos ficando sós
o Mar o barco e mais nós.

Roubáronnos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sen marco

Roubáronos o vento
Aquel veleiro que se evadiu
pola corda frouxa do horizonte

Este océano desatracou das costas
e os ventos da Roseta
orientáronse ao esquenzo
As nosas soedades
veñen de tan lonxe
como as horas do reloxe

Pero tamén sabemos a manobra
dos navíos que fondean
a sotavento dunha singradura

No cuadrante estantío das estrelas
ficou parada esta hora:
O cadáver do mar
fixo do barco un cadaleito

Fume de pipa	Saudade
Noite	Silencio
E ficamos nós sos	Frío
Sen Mar e sen o barco	
nós.	

Manuel Antonio Pérez Sánchez

(Rianxo 1899 – 1930). Naceu en Rianxo, aínda que aos dous anos foi vivir a Padrón, por causa da enfermi-



dade e morte de seu pai, o cal motivou que se criase coa avoa materna. Estudou bacharelato en Compostela, onde entrou en contacto co republicanismo e iniciou a súa militancia galeguista. Nas súas estadias en Rianxo afianzou a súa amizade con Rafael Dieste e ambos consolidaron a súa vocación literaria e as súas inquietudes políticas. Comezou tamén a carreira de Filosofía e Letras, pero abandonouna para estudar na Escola Náutica de Vigo.

A actividade política acompañou sempre o seu interese pola literatura. Da man de Vicente Risco coñeceu os movementos de vangarda europeos, os cales aplicaría á súa propia obra. En 1922, xunto co debuxante Álvaro Cebreiro, asinou o manifesto *Máis alá!*, onde reivindicaban a autonomía do sistema literario galego respecto do español. Morreu moi cedo e, polo tanto, non puido deixar unha abundante produción literaria. O seu único libro publicado en vida foi *De catro a catro* (1928). A título póstumo García Sabell reuniría os seus escritos inéditos.

Eu son home de mar

Eu nacín en Ares, e mira ti, desde cativo xa botei a rede de cerco. Pero un día, con só trece anos, marchei a Cuba con meu tío Samuel, que viñera dar unha volta. Asentei na Habana Vella e enroleime nun viveiro, eses barcos de vela que tiñan un estanque no medio e o peixe chegaba vivo porque a auga do mar entraba e saía por uns furados.

Andei pescando cherna e pargo alá polas augas de Iucatán e da Florida, e paseinas cabronas, gañando primeiro media parte e pasado un tempo xa era un mariñeiro coma todos, aturando os abusos dos armadores, e aturando os ciclóns que aparecían cada tanto e viñamos todos na cuberta, a todo dar, sobre montañas de auga, amarrados ós paus e tendo á man as machetas de abordaxe por se había que derrubar o velame.

Podería contarche... de Lourenzo, analfabeto que coñecía o Golfo metro a metro e déronlle o diploma de patrón; de Otero, que foi xuíz popular cando chegou a Revolución do ano 59; de Desiderio, de Pontedeume, que era boxeador e gañoulle a un capitán da Marina e uns soldadiños querían mallar por ter vencido ó seu xefe; de Rosendo, o mariñeiro que levaba cans e gatos no barco e xulgábaos cando se portaban mal e disparáballes un tiro ou guindábaos ó mar.

Tantas cousas... Folgas, ciclóns, naufraxios. Pero o compañeirismo era total. Todos para todos. Un día xubileime, vivía só, púxenme mal, e miña irmá arre con que viñese, e aquí estou. Contento á beira dela, pero fáltame o mar. Un día leváronme a Noia, e vino pero sóubome a pouco. Terei que afacerme ós piñeiros, ás leiras...

Xosé Neira Vilas

naceu en Gres, Vila de Cruces, o 3 de novembro de 1928, pero moi cedo, en 1949, emigrou a Bos Aires, onde entrou



en contacto coa intelectualidade galega e mantivo unha intensa actividade cultural e política. En 1959 casa coa cubana Anisia Miranda e, dous anos máis tarde, trasládase á Habana, onde fixo xornalismo literario, investigou sobre a emigración galega en América e lle deu un importante pulo ao seu labor literario. En 1994 regresou a Galicia, á súa aldea natal, Gres.

En canto á súa produción literaria cómpre salientar a publicación en 1961 de *Memorias dun neno labrego*, que se converteu no libro máis lido en literatura galega. Con *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977) completaba a triloxía sobre a temática infantil e rural. Cultivou tamén o relato curto na colección de contos *Xente no rodicio* (1967).

E. E a ti, gústache o mar? Asócialo con algúns dos sentimentos ou vivencias descritos nos dous textos? Elabora un pequeno texto no cal exprees as túas sensacións.